



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
 D. José Pose Blanco
 D. José Angel Vázquez Barquero
 D. José Tojo Suárez
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
 D. José Barreiro Somoza
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D. Xulio Pardellas de Blas
 D. Andrés Ramón Trillo García
 D. Xosé Luís Legido Soto
 D^a M^a Teresa Allut Roig
 D. Alberto Alonso Costas
 D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
 D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
 D. Luis Bernal Conde
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Alfonso Cid Sabucedo
 D. José M^a Correa Otero
 D^a Margarita Estévez Toranzo
 D. Manuel Fernández Areal
 D. Joel Fernández Soto
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. José Antonio Gómez Barbeito
 D. Alejandro V. Gómez Soler
 D^a Laura González Novoa
 D^a M^a do Carmo Henriques Salido
 D. Juan Janeiro Vilaboa
 D. Manuel López Iglesias
 D^a María del Pilar López Vidal
 D. Guillermo de Oca Cancela
 D. Angel Pereira Díaz
 D. Cándido Pérez Betanzos
 D. Manuel Pérez Donsián
 D. Emilio José Pérez González
 D. Mariano P-Mtnez. y Pérez-Amor
 D^a M^a Anunciación Reñones Pérez
 D. Francisco J. Rodríguez Bercal
 D. Luis Rodríguez Ennes
 D. Celso Rodríguez Fernández
 D. Eduardo Rubiales Camino
 D. José A. Sampayo Fernández
 D. José Manuel Santos Suárez
 D^a Susana Inés Soto Soto
 D. Francisco Tugores Martorll
 D. José A. Veiro García
 D. Horácio A. Villar Suárez

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o quince de abril de mil novecentos noventa e sete, ás 10.00 horas, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O martes, **día 15 de abril de 1997**, ás 10.50 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (25-02-97).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de Profesorado: Solicitud de dedicación parcial, Prazas BOE, Transformacións e Permisos.
- 4º.- Aprobación, se procede, de límite de prazas para o curso 1997/98.
- 5º.- Aprobación, se procede, dos criterios de distribución dos créditos descentralizados ós distintos Centros de gasto.
- 6º.- Aprobación, se procede, da RPT Laboral.
- 7º.- Aprobación, se procede, de nomeamento de Doutor Honoris Causa: Prof. P. G. de Gennes (proposto pola Facultade de Ciencias de Ourense) e Prof. Dr. Jaume Gil Aluja (proposto pola E.U. de Estudos Empresariais de Ourense).
- 8º.- Adscripción provisional de áreas de coñecemento a Departamentos (Medicina e Cirurxía ó Dpto. de "Biología Funcional e Ciencias da Saúde").
- 9º.- Aprobación, se procede, de pago de taxas para as probas de acceso a Belas Artes e Traducción e Interpretación.
- 10º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, D. Horacio A. Villar Suárez solicita modificacións nos puntos 2, 5 e 6 e nunha intervención do Vicerrector de Economía.

Aceptase que consten en Acta as súas intervencións nos puntos 2, 5 e 6.

D^a M^a do Carmo Henriques Salido solicita unhas pequenas modificacións de redacción nos puntos 1 e 2 que son aceptadas.

Apróbase a acta da sesión celebrada o 25 de febreiro de 1997, coas modificación que se reflicten na mesma.

No **punto 2**, o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa sobre:

-as noticias da prensa sobre a obriga que ten o Profesor Baena del Alcázar a concursar noutras áreas.

Completa a información o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas, que explicou ós membros de Xunta de Goberno a situación na que se atopa dito profesor que foi expedientado hai 6 anos por unha falta grave; o Vicerrector de Profesorado indica que pasado o prazo da sanción, o profesor queda en situación de "excedencia forzosa", percibindo o salario base e coa obriga legal de concursar ás prazas que quedan vacantes no corpo docente ó que pertence. Dase a circunstancia de que é Catedrático de Escola Universitaria antigo e non ten o grao de doutor, polo que só pode obter ás prazas por "concurso de méritos".

-a situación dos catro edificios que se construírán cos convenios coa Consellería, Deputacións e Concellos de Ourense e Pontevedra, que se atopan no seguinte proceso de adxudicación:

- o edificio de Ciencias Sociais de Pontevedra xa está publicado no BOE, no DOG e no Boletín da Comunidade Europea;
- a ampliación dos edificios de Enxeñería Técnica Industrial e de Empresariais están publicados no DOG;
- os edificios de Dereito e de Empresariais no Campus de Ourense están en supervisión na Consellería; e
- os edificios de Dereito e de Económicas no Campus de Vigo sairán a concurso antes do verán.

-da xuntanza de Rectores en Pamplona:

- enunciando que se está a traballar nun anteproxecto de avaliación da Universidade;
- da adhesión á Universidade de Alicante;
- da reforma do título V da LRU.

-da RPT funcionario que queda polo de agora en suspenso, ata que se constitúa a nova Xunta de Persoal;

-da presentación da Universidade na Casa de Galicia e dunhas xornadas de portas abertas nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo;

-do recurso da profesora Henríquez Salido (anexo I).

No **punto 3**, Asuntos de Profesorado, apróbase a solicitude do profesor D. Miguel Angel Merino Gil, Dpto. X09 A650, para a toma de posesión como Profesor TIT-UN a tempo parcial (P3), coa abstención da profesora Henríquez Salido.

Apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

C04	220	TIT-UN	Vigo	Montalvo Rodríguez, Javier
C10	280	TIT-UN	Vigo	Francés Pedraz, Guillermo
C10	280	TIT-UN	Vigo	Gago Duport, Luis
H01	260	TIT-UN	Pontevedra	Moraza Pérez, Juan Luis
H05	465	TIT-UN	Ourense	Barriocanal López, Yolanda
H05	695	TIT-UN	Ourense	Castro Pérez, Ladislao
T04	555	TIT-UN	Ourense	Alonso González, José Luis
T10	595	TIT-UN	Vigo	García Lomba, Guillermo
T12	800	TIT-UN	Vigo	Aguado Agelet, Fernando
X01	680	TIT-UN	Ourense	Lameiras Fernández, María
X10	675	TIT-UN	Pontevedra	Román Portas, Mercedes
X04	215	TIT-EU	Pontevedra	Blanco Pesqueira, Antonia
X04	215	TIT-EU	Ourense	Raposo Rivas, Manuela

Apróbanse as seguintes transformacións de prazas:

C02	055	Gallardo Medina, Mercedes	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
C02	055	Seijo Coello, M ^a Carmen	de AXU-UN1 a PP2
C06	015	Vázquez Pampín, M ^a Carmen	de PP2 a TIT-UN(I)
H05	465	Castro de Paz, José Luís	de A-T3P4 a TIT-UN(I)
T06	505	Llano de la Concha, Rafael	de TIT-EU(I) a ASO-T3 P6
T08	385	Torres Palenzuela, Jesús	de PP2 a TIT-UN(I)
T08	385	Vázquez Dorrio, José Benito	de PP1 a TIT-UN(I)
T12	800	Arias Acuña, Alberto Marcos	de PP1 a TIT-UN(I)
T12	800	Rubiños López, José Óscar	de PP1 a TIT-UN(I)
X08	415	Castro Rodríguez, Fidel	de PP1 a PP2
X10	105	Vázquez Gestal, Montserrat M ^a	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X10	675	García González, Aurora	de PP1 a TIT-UN(I)

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

Pasantes Ludeña, Juan José	dende 14.04.97 ata 12.07.97
Simal Gándara, Jesús	dende 01.07.98 ata 30.09.98
González Castaño, Francisco Javier	dende 01.06.97 ata 30.08.97
Martín Rodríguez, Fernando	dende 01.07.97 ata 20.10.97
Pérez Fontán, Fernando	dende 15.07.97 ata 15.10.97
Terán Moldes, M ^a Carmen	dende 01.04.97 ata 30.06.97
González Prelcic, Nuria	dende 01.09.97 ata 20.12.97
Martín Moreno, José M ^a	dende 01.05.97 ata 31.07.97

No **punto 4**, "Límite de prazas para o curso 1997/98, presenta o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire indicando unhas omisións no cadro:

-Campus Vigo:

-Lic. Dereito (Rama Econ.-Empres.), 2º ciclo: 25 (solicitado polo Centro)

-Campus Pontevedra,:

-Dip. Fisioterapia, 1º curso: 50 (solicitado polo Centro)

-Campus Ourense:

-Lic. Historia, 21 ciclo: 25 (solicitado polo Centro)

-Lic. Dereito (Rama Xeral), 2º Ciclo: 25 (solicitado polo Centro).

Establecese un debate no que algúns membros da Xunta de Goberno piden que se

respecten as peticións dos Centros, mentres que outros opinan que se debe facer unha política xeral de límite de prazas de acordo cos medios que se dispoñen.

Decídese trata-lo límite de prazas titulación por titulación:

-Campus Vigo:

--Lic. Filoloxía Hispánica, proposto polo Vicerrector:

---1º curso: 100

---2º ciclo: 25

--Lic. Filoloxía Inglesa, proposto polo Vicerrector:

---1º curso: 150

---2º ciclo: 25

--Lic. Traducción e Interpretación, proposto polo Centro:

---1º curso: 110

---2º ciclo: 25

--Lic. Química, proposto polo Vicerrector:

---1º curso: 150

--Lic. Biología, proposto polo Vicerrector:

---1º curso: 150

---2º ciclo: 25

--Lic. Ciencias do Mar, proposto polo Vicerrector:

---1º curso: 100

---2º ciclo: 25

---Complementos: 20

--Lic. Economía e Lic. Admón e Dirección de Empresas, faise unha votación:

--a favor da proposta do Centro: 14 votos

--a favor da proposta do Vicerrector: 14 votos

--abstencións: 4

Apróbase a proposta do Vicerrector polo voto de calidade do Sr. Rector:

--Lic. Economía:

---1º curso: 275

---2º ciclo: 30

--Lic. Admón e Dirección de Empresas:

---1º curso: 325

---2º ciclo: 50

A profesora López Vidal di que non está de acordo co número de prazas asignadas ó 2º ciclo, xa que di que é insuficiente.

--Lic . Dereito (Rama Econ.-Empres.-Sección Delegada), proposto polo Vicerrector:

---1º curso: 100

---2º ciclo: 25

--Enx. Industrial e Enx. de Minas, faise unha votación:

--a favor da proposta do Centro: 12 votos

--a favor da proposta do Vicerrector: 12 votos

--abstencións: 6

Apróbase a proposta do Vicerrector polo voto de calidade do Sr. Rector:

-Enx. Industrial:

---1º curso: 260

-Enx. de Minas:

---1º curso: 130

---2º ciclo: 25

--Enx. de Telecomunicación, proposto polo Vicerrector:

---1º curso: 200

---2º ciclo: 25

--Dip. Ciencias Empresariais, O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire acepta a proposta do Centro.

O Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas pide que se voten as dúas propostas.

Faise unha votación:

--a favor da proposta do Centro: 12

--a favor da proposta do Vicerrector: 4

--abstencións: 11

Apróbase a proposta do Centro:

---1º curso: 330

Hai un conste en Acta de D^a Margarita Estévez Toranzo que "non está de acordo coa maneira de proceder, xa que a algúns Centros se lle concede a súa proposta e a outros non.

--Enxeñeiro Técnico Industrial, apróbase un límite global de 325 prazas.

--Enxeñeiro Técnico Industrial, nas distintas especialidades, "Electricidade", "Electrónica Industrial", "Mecánica" e "Química Industrial", suprímense os límites.

--Mestre (adscriba), nas dúas especialidades, "Educación Primaria" e "Educación Infantil", apróbase a proposta do Vicerrector:

---1º curso: 100

--Dip. Enfermería (Meixoeiro-adscriba), apróbase a proposta do Vicerrector:

---1º curso: 50

--Dip. Enfermería (Povisa-adscriba), apróbase a proposta do Vicerrector:

---1º curso: 60

--Dip. Relacións Laborais, (adscriba) apróbase un límite de 450

Campus Pontevedra:

Coinciden as propostas dos Centros e do Vicerrector; acéptanse:

- Lic. Belas Artes:
 - 1º curso: 120
- Lic. Filoloxía Galega:
 - 1º curso: 75
- Lic. Fisioterapia:
 - 1º curso: 50
- Enx. Técn. Forestal, especialidade en Industrias Forestais:
 - 1º curso: 100
- Mestre:
 - especialidade "Educación Primaria":
 - 1º curso: 75
 - especialidade "Educación Infantil":
 - 1º curso: 75
 - especialidade "Educación Física":
 - 1º curso: 50
 - especialidade "Educación Musical":
 - 1º curso: 50
- Dip. Enfermería (adscrita):
 - 1º curso: 50

No 2º ciclo de Lic. Publicidade e Relacións Públicas prodúcese un debate no que o Decano da Facultade de Ciencias Sociais, D. Manuel Fernández Areal, manifesta que enviou copia ó Rectorado dunha sentenza da Audiencia Nacional (anexo II), relativa ó acceso ós 2º ciclos das licenciaturas de Ciencias da Comunicación.

D. Horacio A. Villar Suárez indica que no curso 96/97 non se cumpriu a resolución rectoral sobre o acceso ó 2º ciclo de Publicidade e Relacións Públicas, que está de acordo coas normas publicadas no BOE. Tamén indícalle ó Decano de Ciencias Sociais que prevaricou ó non cumprir dita resolución rectoral. O Sr. Decano pídelles que retire as súas palabras ó que non accede D. Horacio Villar.

Prodúcese unha votación sobre a proposta de prazas no 2º ciclo en Lic. Publicidade e Relacións Públicas:

- | | |
|-----------------------------------|----------|
| -a favor proposta do Centro: | 1 votos |
| -a favor proposta do Vicerrector: | 19 votos |
| -abstencións: | 7 |

Apróbase a proposta do Vicerrector:

- 1º curso: 100
- 2º ciclo: 25

Campus Ourense:

- Lic. Física:

---1º curso: 100

--Lic. Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos:

---2º ciclo: 75

---complementos: 75

--Enx. Técn. Agrícola especialidade en Ind. Agrarias e Aliment., faise unha votación:

-a favor proposta do Centro: 12 votos

-a favor proposta do Vicerrector: 10 votos

-abstencións: 5

Apróbase a proposta do Centro:

---1º curso: 150

--Lic. Historia, apróbase a proposta do Vicerrector:

---1º curso: 100

---2º ciclo: 25

--Lic. Psicopedagogía, apróbase a proposta do Vicerrector:

---2º ciclo: 80

---complementos: 65

--Dip. Educación Social, apróbase a proposta do Vicerrector:

---1º curso: 75

--Dip. Traballo Social, apróbase a proposta do Vicerrector:

---1º curso: 75

--Lic. Dereito (Rama Xeral), apróbase a proposta do Centro:

---1º curso: 300

---2º ciclo: 25

--Lic. Ciencias Empresariais, apróbase a proposta do Centro:

---1º curso: 350

--Enx. Técnico en Informática de Xestión, apróbase a proposta do Vicerrector:

---1º curso: 170

--Mestre, apróbase a proposta do Centro:

-especialidade "Educación Primaria":

---1º curso: 90

-especialidade "Educación Infantil":

---1º curso: 113

-especialidade "Educación Especial":

---1º curso: 117

-especialidade "Lingua Estranxeira":

---1º curso: 54

--Dip. Enfermería (adscrita), apróbase a proposta do Vicerrector:

---1º Curso: 50

Presentan votos particulares:

-D^a Margarita Estévez Toranzo, "*manifesta o seu voto particular en contra do acordado no punto 4, "Aprobación, se procede, de límite de prazas para o curso 1997/98", pola seguintes razóns:*

1) Ó meu entender, como xa expliquei, en liñas xerais deben ser respectadas as propostas do Centros, agás nos casos que poidan producirse problemas graves por razóns de planos de estudio, medios materiais, grupos de docencia, profesorado, edificio, etc.

2) En casos especiais deben ser analizados un por un, en función das súas características.

3) Como non foi aceptado o exposto no punto 1, procedeuse a votar Centro por Centro.

4) Nas votacións ás que fago referencia no punto 3, fíxose un trato discriminatorio para algúns Centros en relación con outros. Así, para algúns Centros o equipo rectoral aceptaba, sen xustificación de ningún tipo, a proposta do Centro retirando a do Vicerrector, e noutros casos procedíase a facer votacións específicas (en particular na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Por todo iso, manifesto a miña total desconformidade co procedemento seguido neste punto".

-D. Guillermo de Oca Cancela, "*quero manifesta-lo meu voto particular en contra do sistema empregado para a votación da aprobación do límite de prazas para o curso 1997/98.*

Aínda que a miña postura persoal está a favor da non limitación do nº de prazas no acceso á universidade pública, e sendo consciente que por desgracia isto hoxe en día é utópico, coido que a Xunta de Goberno debe respecta-las propostas dos Centros, xa que é no seno dos mesmos onde se coñece mellor a realidade das distintas titulacións".

-D. Cándido Pérez Betanzos "*non estou de acordo, por principio coa limitación de prazas, aínda que estaría disposto a acepta-la proposta menos mala, que van coincidir maioritariamente coa feita polos Centros. Por outra parte, paréceme lamentable que non se consiga o acordo e o consenso e teña que resolverse pola vía da maioría conxuntural que se produce ó votar Centro a Centro en lugar de acordar criterios".*

Entregase un informe da Delegación de Alumnos da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra (anexo III).

Indícanse os límites de prazas aprobados para o curso 1997/98 nos distintos Centros (anexo IV).

Presenta o **punto 5** o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco.

Apróbanse, por unanimidade, os criterios de distribución dos créditos descentralizados ós distintos Centros de gasto (anexo V).

No **punto 6**, o Sr. Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García presente a RPT Laboral indicando algúns erros que hai na documentación, explicando de seguido as novas prazas que se crean nesta RPT; indica tamén que é un punto de partida para as seguintes RPTs laborais; fai consta-lo seu agradecemento ó Comité de Empresa pola actitude responsable levada en toda a negociación.

O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez amosa tamén o seu agradecemento

ó Comité de Empresa por chegar a un acordo na RPT.

Establécese un debate no que interveñen D. Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor, (mostrando a súa preocupación polo perfil das prazas dos "técnicos especialistas de laboratorio) e D. Cándido Pérez Betanzos (que indica que haberá permeabilidade á hora de establecer estes perfís e que se buscará que a Universidade estea dotada do mellor persoal laboral).

O Sr. Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García se compromete a defende-la postura dos Departamentos.

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor propón que se retire a RPT e que veña coas distintas categorías e perfís.

O Sr. Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García indica que se teñen que cumprir los Estatutos e as normas correspondentes e lle repite que na negociación entre o Comité de Empresa e a Xerencia defenderá as propostas dos Departamentos dos "técnicos especialistas de laboratorio".

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor retira a súa proposta.

Sométese a votación a proposta co seguinte resultado:

-votos a favor:	22
-votos en contra:	0
-abstencións:	4

D. Emilio José Pérez González fai consta-la súa abstención, argumentando que nas prazas de profesorado se lle indicou que os alumnos non entendían do tema e polo tanto non debe pronunciarse sobre o mesmo.

Apróbase a RPT laboral (anexo VI).

No **punto 7**, o profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor, Director do Departamento "Física Aplicada" presenta o curriculum vitae do profesor P.G. de Gennes (anexo VII), indicando que foi aprobado polas Facultades de Ciencias de Ourense e Vigo.

Apróbase por unanimidade.

A profesora D^a Asunción Ramos Stolle, secretaria do Departamento "Economía Financeira e Contabilidade" presenta o curriculum vitae do profesor Dr. Jaume Gil Aluja (anexo VIII), indicando que foi aprobado polas Escolas Universitarias de Estudos Empresariais e de Informática de Xestión de Ourense.

Apróbase por unanimidade.

Presenta o **punto 8**, adscripción provisional de áreas de coñecemento a Departamentos o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire.

Apróbase por asentimento a adscripción provisional de "Medicina e Cirurxía ó Departamento C01 "Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde".

O Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto presenta o **punto 9**, aprobación, se procede, de pago de taxas para as probas de acceso a Belas Artes e Traducción e Interpretación.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

-a favor da taxa:	8 votos
-en contra:	10 votos
-abstencións:	2

Non se aproba.

No **punto 10**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. **JOSÉ A. SAMPAYO FERNÁNDEZ**.- Roga que se coloquen os escudos e as bandeiras de xeito adecuado.

-D. **EMILIO JOSÉ PÉREZ GONZÁLEZ**.- Presenta un escrito no que manifesta: "Sobre a aprobación das actas (punto 1 da orde do día) e en relación ó pedido por D. Horacio Villar de que constara en acta unha intervención allea, que ó final rexeitouse. Eu non intervín entón ó non consideralo moi oportuno, pois nos estivera naquela xuntanza, pero desexo manifestar que cando alguén pida que figure en acta algo que se dixo, debería incluírse.

Iso si, tamén penso que a acta debería utilizarse para aquilo que é a súa finalidade primeira que é recoller, do xeito máis significativo, os aspectos tratados. Non sei se o que se discutiu no punto 1 lle afecta o seguinte, pois como xa indiquei non estaba na xuntanza, pero tamén coido que é fundamental que a acta non se utilice de xeito interesado.

Polo ben de todos supoño que é mellor que as descalificacións persoais, que por desgracia ocorren a miúdo, queden confinadas na medida do posible ó seno do órgano colexiado".

Roga tamén que se tomen medidas para a devolución das taxas do carnet de estudante (*o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García, resposta que se está a traballar no tema*).

-D. **JUAN JANEIRO VILABOA**.- Pregunta polo prazo que teñen os Departamentos para resolve-lo exceso de horas en contratos de profesores a tempo parcial (*O Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas indicando que non tódalas áreas estan na mesma situación, polo cal nalgunhas é posible cumprilo e en outras, mentres non se asenten os novos planos de estudio, non*).

-D. **LUIS BERNAL CONDE**.- Roga que se amplian as convocatorias nos planos antigos en extinción.

-D. **ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER**.- Roga que se reconsideren a proposta para ó acceso ó 2º ciclo de "Economía" e "Administración de Empresas".

Pregunta porque a xente vaise no punto de "Rogos e preguntas".

-D^a M^a DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.-

-Pide que xunto o texto en galego apareza a traducción ó castelán.

-Solicita que o carinbo do Departamento de "Filoloxía Española" leve o nome en español.

-Roga que se nomee un administrativo para cada Departamento.

-Roga que cada profesor asine o seu POD.

-Pregunta que pasa co plano de pensións.

-Pregunta cando se poñen en marcha os novos orzamentos.

-Indica que no informe do Rector a mención do recurso debería figurar como punto da Orde do día.

-D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS.- Pregunta porque logo dunha sentenza favorable ós traballadores sobre unha reclamación salarial de administrativos laborais do grupo III, se ordenou presentar recurso diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 20.30 h. do día 15 de abril de 1997, da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto